

MINISTERIO Transformación Dixital e Función Pública

Comisión Paritaria do IV CUAGE

30/09/2025

Logo do parón polo período de vacacións retomamos as reunións da COPA e seguimos coa **FESTA DOS COMPLEMENTOS**.

Os expedientes presentados na Comisión Paritaria polo departamento de Relacións Laborais de este mes de setembro son, como ven sendo habitual, os que sen previo estudo na Permanente de forma unilateral elevan desde a Administración para a súa aprobación, destes uns si e outros non a criterio de Función Pública, a pesar de que veñen solicitados polos Departamentos de RRHH dos Ministerios, e que ven necesario a asignación de un complemento nun posto de traballo. Parece que nos atopamos ante diversas administracións.

Como novidade nesta ocasión, hai expedientes que non necesitan informes de financiación. Non respectan nin as regras que eles mesmos impuxeron na COPA. Por este motivo a CIG non puido posicionarse, xa que nunca vamos a aceptar que se destrúa emprego público para asignar complementos. Agora xa nin informan de cal vai a ser a financiación dos novos complementos, que xa o decidiran despois. En toda Festa son necesarios os músicos, neste caso aí están UGT, CCOO e CSIF para acompañar todo este espectáculo.

En canto a Xubilación Parcial, toca esperar uns meses mais, xa que os procesos selectivos derivados da Oferta Específica para contratar relevistas, teñen un prazo de resolución de 9 meses, votade contas.... Non esquezaades que están sen resolver procesos selectivos dos anos 2018/2019/2020/2021. Iso si, os postos convocados para este proceso non serán convocados en ningún Concurso de Traslados, xa se encargaron UGT e CSIF de acordar incumplir o CONVENIO para non ofertalos en concurso antes de convocalos en quenda libre. Esperemos que non sente un precedente para acordar novos incumprimentos deste Convenio.

O artigo que mellor funcionaba do Convenio, o Concurso aberto e permanente, a cara A dun LP, está a converterse na cara B, xa que do compromiso de chegar a 4 Resolucións por ano, todo apunta a que vamos a pasar a 3, é de sinalar que a 3ª fase do CAP se publicará a finais de este mes de outubro, a 4ª para cando?? será isto para non perder a liña de incumprimentos???

No cambio de réxime xurídico están a piques de publicar no BOE a Resolución do proceso da Escala Administrativa do 3G, no Ministerio de Cultura escala de Arquivos, Bibliotecas y Museos rematada a fase de concurso e na de Axentes Medioambientais sigue en tramitación.

Desde CIG manifestamos a problemática coas persoas traballadoras do IMSERSO que teñen unha sentenza firme sobre os procesos selectivos da Oferta do ano 2018, e que tamén teñen superado un proceso selectivo da Oferta do ano 2021/22, que de tomar posesión na última faríalles perder os dereitos da primeira, desde Relacións Laborais contestan que están a darlle a máxima prioridade a execución de estas sentenzas por ser firmes. Exiximos que as ofertas se resolvan na mesma orde na que foron convocadas.